

ANUNCIO NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS E NA PÁXINA WEB DO CONCELLO

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2025-0968, con data de 20/03/2025, pola que aprobou a lista definitiva de persoas admitidas, o órgano de selección e a data de realización da fase de oposición do proceso de selección que se convocou para a contratación laboral temporal dun/ha AXUDANTE DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓNS DE ELECTRICIDADE, para levar a cabo o PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2025 da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3: Activación do emprego 2025), na cal se establece o seguinte:

“RESOLUCIÓN

A Deputación de Pontevedra outorgou ao Concello de Redondela unha axuda de 238.843,33 euros para levar a cabo o Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025 da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3: Activación do emprego 2025), para a contratación laboral temporal de 11 traballadores/as, a tempo completo.

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2025-0811, con data de 06/03/2025, pola que aprobou as bases que rexen a contratación de 11 persoas traballadoras (3 GUÍAS DE TURISMO; 7 PEÓNS DE OBRAS E SERVIZOS; 1 AXUDANTE DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓNS DE ELECTRICIDADE), por medio dun contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena, apartado primeiro da Lei de emprego, para a realización do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Máis Provincia) 2025.

De acordo co establecido nas Bases reguladoras e na convocatoria do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025 da Deputación Provincial de Pontevedra (Liña 3: Activación do emprego 2025), o concello recorreu á oficina pública de emprego do servizo público de emprego de Galicia para realizar a preselección das persoas candidatas que reúnan os requisitos das bases a través da presentación das correspondentes ofertas de emprego.

A oficina pública de emprego do servizo público de emprego de Galicia preseleccionou ao seguinte número de persoas candidatas:



-1 AXUDANTE DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓNS DE ELECTRICIDADE (OFERTA 12-2025-1880): 5 persoas.

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2025-0895, con data de 13/03/2025, pola que se aprobou a lista provisional de persoas admitidas do proceso selectivo que se convocou para a cobertura dun posto de AXUDANTE DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓNS DE ELECTRICIDADE.

Tras finalizar o prazo de alegacións e segundo o previsto nas bases reguladoras destes procesos selectivos que se aprobaron con data de 06/03/2025, é polo que, e en virtude das competencias que me asigna a lexislación local vixente,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Admitir, **con carácter definitivo**, no proceso de selección que se convocou para a contratación laboral temporal dun/ha AXUDANTE DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓNS DE ELECTRICIDADE, ás seguintes persoas aspirantes:

N.º	APELIDOS E NOME	DNI
1	AMOEDO ANTELA, CARLOS	*****757-J
2	ESTÉVEZ FERREIRA, FULGENCIO	*****707-R
3	GARCÍA MARTÍNEZ, PERFECTO	*****515-J
4	OTERO DARRIBA,FÉLIX	*****488-W

*Segundo o previsto no apartado 7.3 das bases xerais de convocatorias de procesos de selección de persoal do Concello de Redondela que se publicaron no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO), núm.: 50, do 13/03/2015, o feito de figurar incluído/a na relación de persoas admitidas non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas posuír os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificadas documentalmente no suposto de que as persoas aspirantes admitidas superen as probas selectivas.

SEGUNDO: Designar o órgano de selección do proceso selectivo que se convocou para a contratación laboral temporal dun/ha AXUDANTE DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓNS DE ELECTRICIDADE, que estará integrado polos seguintes membros:



PRESIDENTE:

Titular: Aurelio Krook Moldes

Suplente: Manuel Aguiar Cabaleiro

VOGAIS:

Titular: Marta Pena González

Suplente: Natividad Crespo Pérez

Titular: Juan Iglesias Amoedo

Suplente: José Carlos García Taibo

Titular: Jesús Pazos Zabaleta

Suplente: Ana M.^a Grande Prol

SECRETARIA:

Titular: M.^a Lourdes Fernández Arines

Suplente: Manuela Docampo Pintos

TERCEIRO: O órgano de selección reunirase para a súa constitución o:

DÍA: 26/03/2025

HORA: 09:00 horas

LUGAR: Na Casa do Concello.

CUARTO: As persoas admitidas quedan convocadas para a realización da fase da oposición o:

DÍA: 31/03/2025

HORA: 10:00 horas

LUGAR: Almacén de Vías e Obras, sito no camiño do Xote, 15, Cesantes, Redondela.

QUINTO: Publicar na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello a relación definitiva de persoas admitidas, o órgano de selección e a data de realización da proba práctica deste proceso selectivo, quedando convocadas as persoas aspirantes para a realización da fase de oposición coa exposición desta resolución."

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

